

O Goberno de España declarou o día 14 de marzo de 2020 o Estado de Alarma en todo o país durante quince días, que podería prorrogarse se fose preciso e cóntase coa autorización do Congreso de Deputados.

A medida adoptouse para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

O Estado de Alarma comporta unha severa limitación dos desprazamentos e o peche dos establecementos comerciais. Así mesmo as Administracións Públicas están obrigadas a facilitar medidas que favorezan o traballo dende as súas casas aos empregados públicos na medida do posible, e sempre que sexa viable a prestación dos servizos públicos por medios non presenciais.

Polo exposto, propónse a adopción das seguintes medidas, dende o 16 de marzo e ata o día 29 de marzo de 2020:

1) Crear unha Comisión Municipal de seguimento da evolución do COVID-19 que estará formada polas seguintes persoas:

- O/A Alcalde/sa
- Voceir@s
- Policía Local
- O responsable dos Servizos de Emerxencia e Protección Civil
- O/A Xefe/a dos Servizos Administrativos Municipais

2) A comunicación co Concello debe realizarse de forma telemática a través da sede electrónica municipal ou vía telefónica a través dos teléfonos de:

- Casa do Concello (981 492 788)
- Policía Local (981 492 777)
- Protección Civil (663 379 073)
- Servizos Sociais (981 492 706)

3) En caso de que non se dispuxese de medios telemáticos e para aqueles supostos de urxencia, o Concello atenderá presencialmente previa petición de cita telefónica, en horario de 9 a 14 horas.

4) Os servizos administrativos municipais funcionarán con porta pechada de 9 a 14 horas, dun modo moi reducido, equivalente a uns servizos mínimos, que quedarán da seguinte maneira:

- Conserxería Municipal
- Estatística (Padrón Municipal de Habitantes)
- Rexistro de Entrada Municipal e Portelo Único
- Secretaría Xeral
- Rexistro de facturas telemático (Intervención)
- Pago a provedores (Tesourería)
- Departamento de Obras e Servizos
- Cemiterios

5) Dada a situación de crise sanitaria e tendo en conta o disposto polo Goberno de

España, a Policía Local e o Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil continuarán coa prestación dos respectivos servizos de xeito ordinario, que poderán ser reforzados cando a situación o requira.

6) Os Servizos Sociais Municipais, dado o seu carácter asistencial quedarán suxeitos no desenvolvemento do seu traballo aos protocolos establecidos polos/as responsables de Área, facilitando sempre que se poida o teletraballo aos empregados públicos que prestan servizo nestes Departamentos.

7) O persoal municipal que non preste servizos dun modo presencial deberá estar dispoñible coa finalidade de prestar servizo ou reemplazar aos compañeiros cando fosen requiridos.

8) Quedan suspendidas as sesións periódicas ou ordinarias dos órganos colexiados municipais (Pleno da Corporación e Comisións Informativas) no período de alarma decretado.

En Fene, 15 de marzo de 2020.-

Asdo. Juventino José Trigo Rey
Alcalde de Fene